

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	DUMBRÍA
Edificio	Igrexa de San Martiño de Olveira
Dirección	Lugar de Olveira, 8, 15151
	42.990087 -9.030154
Protección	
Descricion	<p>A Igrexa de Olveira, lugar vinculado á peregrinación xacobeá a Fisterra e Muxía, presenta unha planta de cruz latina cunha capela maior rectangular, aínda que un pouco estreita. Posúe unha sancristía apegada ó muro norte do presbiterio. Unha bóveda de canón cobre a capela maior. Esta capela queda unida ó resto da edificación mediante un arco triunfal sobre semicolumnas apegadas.</p> <p>Para iluminar o interior abriuse un óculo sobre o arco triunfal. A nave, estreita e alongada, cóbrese con bóveda de canón rebaixada de cemento e reforzada por tres arcos faixóns sobre pilastras dóricas que dividen a nave en catro tramos.</p> <p>No cruceiro levántase dúas capelas iguais; a da dereita dedicada ó Santo Cristo e a da esquerda á Virxe do Carme. A diferenza da nave central, estas capelas cóbrense con bóvedas de cantería granítica e ábrese á nave central mediante un arco sinxelo. Un coro alto de cemento sitúase ós pés da igrexa, como é habitual nos templos deste concello. Ó exterior obsérvase unha graduación dos volumes, xa que a nave central é máis elevada cás naves laterais. Cóbrese cun tellado a dúas augas ó igual cá ábsida. A fachada é de forma pentagonal de perfectos perpiaños de granito. Un eixo vertical organiza a distribución da fachada; de abaixo arriba aparecen a porta semicircular sen ornamentación, un van coa imaxe de San Martiño, unha fiestra rectangular, un corpo xeométrico decorado con placas e unha torre de dous corpos coroada por unha cupuliña. O retablo barroco da capela maior fórmano dous corpos divididos en tres bandas. Destacan pola súa talla as columnas salomónicas da banda central, máis alta e ancha cás laterais.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autores da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	12-10-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Torre-campanario	Menor.	OCAMPO, HERMANOS	1971	77	264
Torre-campanario	Maior.	OCAMPO, HERMANOS	1972	103	633

Información completa: [Igrexa de San Martiño de Olveira - DUMBRÍA \(GALICIA\)](#)

PDF (16-06-2026)